

Un ano máis, tristemente, comprobamos como o Concello de Sarria non cesa no seu empeño en manter as touradas na programación das festas do San Xoán, unhas festas que deberían ser para o disfrute de todas e todos e non duns poucos que gozan co maltrato animal.

Por iso estamos hoxe aquí manifestándonos. Porque rexeitamos este mal chamado espectáculo, que só representa tortura e dor, transmitindo valores negativos baseados no maltrato e crueldade cos animais.

Creemos que esta actividade non pode ser considerada lecer nin moito menos Ben de Interese Cultural, pois só representa a falta de evolución dalgúns seres humanos en pleno século XXI.

As touradas son, ademáis, unha actividade totalmente allea ás galegas e galegos, que nada teñen que ver coa nosa historia e a nosa cultura, chea de tradicións populares alonxadas da barbarie taurina e que esmorecen día a día.

Isto acontece sen que se faga nada pola súa recuperación e mentras os gobernos do Partido Popular desde diferentes institucións empregan o falso discurso da “austeridade” para recortar servizos públicos, necesarios e útiles para o conxunto da poboación, mentras subsidian e patrocinan a tortura e o asasinato animal a través das touradas.

Por todo isto demandámoslle ao Concello de Sarria a retirada de calquera tipo de subvención, colaboración ou patrocinio coas touradas, así como o fin da cesión de espazos públicos para a celebración desta actividade.

A Plataforma Sarria Libre de Touradas seguirá activa mentras non se cumpra este obxectivo. Por iso, convidámosvos a todas e a todos a seguir presionando e participando desta iniciativa social.

Non pararemos ata ver feita realidade unha Sarria libre de touradas!!